5.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AUTO DE DATA 07/09/2016 RECAÍDO NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 13/2015 DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 475/2012 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE PROMALAR SL

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 09.02.2017, referente a Auto de data 07.09.2016 recaído na peza separada de execución nº 13/2015, derivada do procedemento ordinario nº 475/2012, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, promovido por "PROMALAR SL", que é como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AUTO DE DATA 07/09/2016 RECAÍDO NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 13/2015 DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 475/2012 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE PROMALAR S.L. (X-12/45)

Visto o contido do auto de data 07/09/2016 recaído na peza separada de execución 13/2015 derivada do procedemento ordinario nº 475/2012 (expte. municipal X-12/45 339/2017) seguido a instancia de PROMALAR SL, que dispuxo literalmente:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



“ACÓRDASE ESTIMAR A SOLICITUDE efectuada pola representación procesal de ‘PROMALAR, SL’, DECLARANDO que o CONCELLO DE CANGAS DEBERÁ ABOAR o interese agravado do Artigo 106 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, e por iso o Concello de Cangas deberá ABOAR a ‘PROMALAR, SL’, a cantidade de vinte mil setecentos un euros con oitenta e seis céntimos (20.701,86 €).

Notifíquese la presente resolución ás partes presentadas, facéndolles saber que, contra esta cabe interpor RECURSO DE APELACIÓN dentro dos quince días seguintes ao da súa notificación, mediante escrito razoado que deberá conter as alegacións en que se fundamente o recurso e do que coñecerá o Excelentísimo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Artigos 80 e 109 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa)’.

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 19/09/2016 se dispuxo tomar coñecemento do referido auto e pedir da representación do Concello de Cangas se procedese a interpor recurso contra este.

Visto que con data 06.02.2017 foi presentado informe por J.R.V.C.(avogado do Concello no citado procedemento) no que expón que aínda que se interpuxo o recurso de apelación nos termos solicitados non se chegou a formalizar a presentación perante a Sala do TSXG para evitar a imposición de custas e os gastos de procurador, dado que consultado o TSXG por parte deste se indicou que non se ía admitir o recurso de apelación por mor de non superar a contía de trinta mil euros (30.000,00 €) con base no disposto no artigo 81.1 a) da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de vinte mil setecentos un euros con oitenta e seis céntimos (20.701,86 €) a favor da mercantil ‘PROMALAR SL’.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a Auto de data 07.09.2016 recaído na peza separada de execución nº 13/2015, derivada do procedemento ordinario nº 475/2012, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, promovido por "PROMALAR SL".

5.B) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 27/2017 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA (PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº94/2016)

Dase conta de sentenza nº 27/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 94/2016, promovida por J.C.V.M.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Recorrer a sentenza nº 27/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso-



Concello de Cangas

Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 94/2016, promovida por Jose Carlos Vilariño Meira.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

6º.- PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 16.02.2017, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

“Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achéganse os informes correspondentes para:

** Baixa do Servizo de Axuda a Domicilio a CRG, beneficiaria pola quenda de dependencia con expediente nº36008/01/0018051-16442”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.- PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XANTAR NA CASA

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 16.02.2017, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

Con relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

****ALTA** no servizo a G.S.C., con expediente nº 36008/01/002050”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.- PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Este punto retírase da orde do día.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 14.02.2017, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, que é como segue:

“RESOLUCIÓN

SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA, PARA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Publicada no DOG do 19.01.2017 a Resolución da Axencia Turismo de Galicia de data do 29.12.2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvención a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2017.

Vista a memoria redactada pola técnica municipal e na que fai constar a declaración do Semana Santa de Cangas de interese turístico galego por Resolución de 12 de novembro de 2002, (DOG 29 de novembro de 2002), é intención deste Concello continuar na promoción e fomento desta, conservando a súa calidade e axudando o mantemento da súa singularidade, arraigamento e valor cultural. Características que provocan que sexan miles as persoas que se achegan ao noso municipio para contemplar as procesións que percorren as rúas e poder admirar as ricas tallas articuladas, case únicas en Galicia, que gardan un valor histórico-artístico pois levan o selo do Mestre Cerviño, escultor do famoso Cruceiro do Hío. Os pasos procesionais, engalanados para a ocasión, convértense no centro de esta manifestación de relixiosidade popular que comeza co Setenario da Santísima Virxe dos Dolores e culmina co Domingo de Resurrección.

Son as cinco confrarías, Confraría da Misericordia, Asociación do Santísimo Cristo do Consuelo, Irmandade da Virxe dos Dolores e da Soidade, Agrupación de San Pedro, e Asociación Cultural Cristo Resucitado, as que, coordinadas polo párroco e coa colaboración do Concello de Cangas, promoven esta vivencia relixiosa e amosan o tesouro cultural que custodian durante todo o ano.

Tendo en conta que a Concellería de Turismo de Cangas, ten por obxecto promover e difundir a presenza activa de Cangas no mercado turístico, mediante a potenciación dos seus recursos e atractivos entre os que se atopa a Semana Santa, emprega os medios mais axeitados para espertar o interese dos potenciais visitantes, labor que realiza neste caso en concreto a través da edición de material promocional e a confección dunha axenda cultural que inclúe actuacións durante a celebración das diferentes procesións”.

Polo que esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Solicitar unha axuda á Axencia Turismo de Galicia polo importe de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €) para apoio, promoción e difusión da SEMANA SANTA DE CANGAS-2017, de conformidade ao seguinte desa:

CONCEPTO	IMPORTE
Carteis e dípticos de Semana Santa 2017.	1.350,00 €
Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión da Borriquilla, o Domingo de Ramos.	250,00 €
Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión da Soidade, o Mércores Santo.	250,00 €



Concello de Cangas

<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión da Santa Cea, o Xoves Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión de San Pedro, o Venres Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión do Encontro, o Venres Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión de Enterro, o Venres Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación do Grupo de Gaitas Tromentelo na procesión do Enterro, o Venres Santo.</i>	<i>700,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión do Silencio, o Venres Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación do Grupo de Gaitas Tromentelo na procesión de Cristo Resucitado, o Domingo de Resurrección.</i>	<i>700,00 €</i>
<hr/>	
TOTAL	4.500,00 €

Segundo.- Declarar que para esta mesma actuación non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención.

Terceiro.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total da execución prevista.

Cuarto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento e aprobar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia.

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2017) LIÑA-3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Dáse conta de proposta da Alcaldía referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017) LIÑA-3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS, que é como segue:

“PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2017) LIÑA 3- EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Publicadas no BOP nº 249 de data do 30.12.2016 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a comunicación da Deputación da contía definitiva de dito Plan e que ascende a un millón oitenta e nove mil vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (1.089.023,28 €) e na que se fai constar que con cargo a esta cantidade poderán presentarse solicitudes de subvencións, nas

Concello de Cangas



dinstintas liñas recollidas no plan, con suxeición ás porcentaxes e límites máximos establecidos para cada unha delas, o Concello con base ás necesidades e prioridades municipais, procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración dos diferentes proxectos ou memorias.

Vista a memoria para o a LIÑA 3-Emprego para conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, que ten en conta, priorizar as necesidades municipais e a non discriminación salarial, polo que a valoración económica do custe total do servizo, elabórase ao abeiro do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas, publicado no BOP do 11.02.1992 e a Lei 48/2015, de 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, BOE do 30.10.2015.

Polo que propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva do Plan de EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2017, para a contratación de 29 persoas, polo importe total de trescentos trinta e oito mil trescentos sesenta e oito euros con cinco céntimos (338.368,05 €), facendo constar, que o Concello con fondos propios asumirá a contía non subvencionada e que ascende a cento corenta e dous mil tres euros con trinta e nove céntimos (142.003,39 €).

<i>Importe total servizo</i>	<i>Importe aportación municipal</i>	<i>Importe subvención</i>
338.368,04	142.003,38	196.364,66

Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA 3- Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, polo importe de cento noventa e seis mil trescentos sesenta e catro euros con sesenta e seis céntimos (196.364,66 €) de conformidade co seguinte:

<i>Denominación Servizo</i>	<i>Nº traballador/a servizo</i>	<i>Importe total servizo</i>	<i>Importe solicitado</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>1</i>	<i>12.552,58</i>	<i>6.575,37</i>
<i>Conductor</i>	<i>1</i>	<i>13.028,11</i>	<i>6.825,51</i>
<i>Peón emerxencias</i>	<i>1</i>	<i>11.391,39</i>	<i>6.671,96</i>
<i>Conserxe instalacións deportivas</i>	<i>1</i>	<i>11.650,71</i>	<i>6.575,37</i>
<i>Peóns albaneis</i>	<i>4</i>	<i>46.609,88</i>	<i>27.302,04</i>
<i>Peóns xardineiros</i>	<i>3</i>	<i>34.957,41</i>	<i>20.476,53</i>
<i>Peóns agrícolas</i>	<i>12</i>	<i>139.829,65</i>	<i>81.906,12</i>
<i>Peóns varredores</i>	<i>6</i>	<i>68.348,31</i>	<i>40.031,76</i>
<i>Total</i>		<i>338.368,04</i>	<i>196.364,66</i>

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para este Plan de conservación de bens e servizos non solicitou, nin recibiu, ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento e aprobar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017) LIÑA-3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.



11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE CARNICERÍA Nº 12 DO MERCADO DE ABASTOS MUNICIPAL

Dáse conta de proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, do día 15.02.2017, referente a autorización da transmisión do posto de carnicería nº 12 do Mercado de Abastos Municipal, que di o seguinte:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE CARNICERÍA Nº 12 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por escrito de data de rexistro de entrada do día 11.01.2017 (entrada nº 288), J.P.C., con enderezo a efectos de notificacións en Outeiro-Coiro, nº 12-Cangas, manifestou a súa intención de transmitir o posto de carnicería do que é titular (posto nº 12) ao seu fillo R.P.R., con enderezo a efectos de notificacións no mesmo domicilio.

II.- Achegan á solicitude escrito asinado por ambas no que manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de carnicería citado por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a) do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 1º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.

III.- Achegan tamén a documentación xustificativa do parentesco (copia do libro de familia) e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: ‘A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión’. O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión inter vivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispón que: ‘No suposto terceiro de transmisión inter vivos, deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ao concello onde o transmitinte e o que pretenda adquirir manifesten que teñen a intención de transmitilo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmita a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto, no suposto terceiro de transmisión inter vivos’.

Respecto da autorización municipal, o artigo 33 dispón que: ‘(...) Calquera transmisión ou



gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32. Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización’.

II.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión inter vivos por parentesco dentro do 1º grao, condición esta que se acredita cos documentos achegados xunto coa solicitude de autorización.

III.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

IV.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión, o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto de carnicería nº 12 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular J.P.C. a favor do seu fillo R.P.R., debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería, advertindo que pon fin á vía administrativa, polo que contra este pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante o alcalde deste Concello, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización da transmisión do posto de carnicería nº 12 do Mercado de Abastos Municipal.

12º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA S/APROBACIÓN DE BASES DOS PREMIOS DA CULTURA-2017

Dáse conta de proposta do día 15.02.2017 do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística,



referente a aprobación de bases dos PREMIOS DA CULTURA-2017, que é como segue:

“D. Héitor Mera Herbello, concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cangas

Propón que a Xunta de Goberno Local adopte os seguintes acordos:

1.- Aprobación das bases dos premios da Cultura para o ano 2017 segundo o seguinte texto:

‘PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Co obxectivo de incentivar, cohesionar e, ao mesmo tempo, recoñecer publicamente o labor de numerosas persoas e colectivos do noso municipio que desenvolven un traballo inxente a prol da nosa cultura, do noso patrimonio e da creación artística, en calquera das súas múltiples facetas, o Concello de Cangas creou institucionalmente os Premios de Honra; e no presente exercicio 2017 a Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística desenvólveos de acordo coas seguintes bases:

PREMIOS:

1.- PREMIOS ‘XOHAN DE CANGAS’:

1 I.A. - ‘PREMIO XOHAN DE CANGAS AO LABOR CULTURAL’ á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se veña significando polo seu traballo na defensa e promoción da nosa cultura en calquera dos seus eidos: música, baile, danza, audiovisuais, teatro, canto, animación sociocultural, tradición oral, cultura popular, etc.

2 I.B.- ‘PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA’ á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación en calquera das facetas.

2.- PREMIO ‘IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN / PROMOCIÓN DO PATRIMONIO’

Dirixido a todas as persoas, colectivos ou entidades públicas ou privadas que se teñan distinguido por desenvolver iniciativas de investigación, recuperación, posta en valor, promoción... do noso patrimonio histórico, artístico, documental, medioambiental ou arquitectónico.

Neste apartado poderán ser premiadas tamén obras concretas que vaian en consonancia co obxecto do premio.

BASES:

1.- Os premios consistirán nun recoñecemento oficial, non levando aparellada remuneración económica.

2.- Poderán presentar candidaturas todas as asociacións culturais, veciñais, artísticas e sociais do Municipio de Cangas, así como todos os partidos políticos e grupos municipais da Corporación canguesa, ata o 15 abril de 2017. As candidaturas debidamente motivadas presentaranse por escrito e asinadas polo promotor no Rexistro xeral do Concello de Cangas, ou por correo electrónico: cultura@cangas.gal



Concello de Cangas

3.- *De entre todas as candidaturas, escollerá as gañadoras un xurado composto polos membros seguintes:*

** O concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística ,ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*

** Tres persoas de recoñecido prestixio, que non sexan candidatas na mesma edición e preferentemente premiados/premiadas anteriormente. Estas persoas serán nomeadas polo Sr. concelleiro de Cultura.*

** Os/as seguintes técnicos/as municipais:*

- Un/unha técnico/técnica da área de Mocidade.*
- O/a director/directora do Auditorio Municipal.*
- O/A director/directora do Conservatorio ou da Escola de Música.*
- Un/unha técnico/técnica do Departamento de Cultura.*
- Un/unha bibliotecario/bibliotecaria responsable da Biblioteca central ou das parroquiais, escollido/escollida entre eles.*
- Un/unha técnico/técnica responsable da área de Urbanismo.*

Entre todos os membros do xurado escollerán un/unha secretario/secretaria que actuará con voz e con voto e que levantará acta dos acordos.

4.- *Os galardóns entregaranse na 'Festa da Cultura' que se celebrará no Auditorio Municipal o 17 de maio de 2017".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a aprobación de bases dos PREMIOS DA CULTURA-2017.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850